



Programación Docente de Tuba

Ensinanzas Superiores de Música Título superior de música (ensinanzas reguladas polo Decreto 163/2015, do 29 de outubro)

1. Identificación e contextualización

DISCIPLINA											HISTORIA DOS INSTRUMENTOS										
ESPECIALIDADE		INTERPRETACIÓN						ITINERARIO		TUBA											
CARÁCTER		MATERIA OBRIGATORIA ESPECÍFICA						TIPO DE CLASES		Colectiva											
DEPARTAMENTO		VENTO METAL						XEFE/A DO DEPARTAMENTO		Enrique Lorenzo Vila											
CURSOS		1.º curso		2.º curso		3.º curso		4.º curso			COORDINADOR/A DA DISCIPLINA		Juan Carlos Díaz Álvarez								
CUADRIMESTRE		I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase		1									
ETCS/ CUADRIMESTRE							3			Observacións											
DOCENTES		NOME E APELIDOS					MAIL/TEL/WEB					TITORÍA									
		Juan Carlos Díaz Álvarez					juancarlosdiaz@csmvigo.com					Martes de 13:00-14:00h									

2. Descritor e competencias

Ver lista e descrición de competencias no anexo II do decreto 163/2015 (DOG do 16 de novembro de 2015)/171/2016

DESCRITOR	Estudo da evolución histórica do instrumento propio e os afíns a este. Coñecemento das características construtivas, funcionamento acústico e posibilidades técnicas e expresivas con relación ao repertorio.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Os requeridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS	A través da práctica interpretativa do instrumento conséguense integrar e poñer en práctica aspectos musicais e teóricos presentes nos estudos de música superiores, colaborando ao desenvolvemento da capacidade analítica, do coñecemento do repertorio do propio instrumento e da evolución estilística dos diferentes períodos da historia da música.
TRANSVERSAIS	T1, T2, T3, T4, T6, T7, T8, T10, T13
XERAIS	X9, X10, X12, X14, X15, X20, X25
ESPECÍFICAS	EI2, EI4, EI6

3. Obxectivos

DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS
a. Coñecer a historia e a evolución da tuba e dos instrumentos afíns.	Todas as competencias recollidas neste documento están relacionadas con todos os obxectivos aquí reflectidos.
b. Coñecer ás características construtivas, acústicas e musicais que ten a tuba.	

4. Contidos

TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS POR CUADRIMESTRE
Evolución histórica da tuba.	Nacemento e evolución da tuba e instrumentos afíns.	7
Características construtivas e acústicas da tuba.	Nocións básicas acústica e das características construtivas e sonoras da tuba.	5
Recursos e posibilidades interpretativas da tuba e o seu uso no repertorio.	Posibilidades interpretativas e musicais da tuba e o seu uso por parte dos compositores/as.	4
Total de sesións por cuadrimestre		16

**5. Planificación Docente e Metodoloxía**

TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Actividades introductorias	2		2
Exposición Maxistral	10		10
Exposición teórico-práctica	4		4
Práctica individual			
Elaboración do portafolios do alumno/a		72	72
Exame	2		2
TOTAL HORAS			90

6. Avaliación**ORDINARIA**

CONTÍNUA	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	PONDERACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS
FERRAMENTAS			
Portafolios do alumno/a	O portafolios ou carpeta inclúe todo o tratado na clase e todo o traballo do alumno/a na clase.	100%	Todas as competencias recollidas neste documento.

*As faltas de asistencia (3 faltas a clases de Cámara / Conxunto ou 4 faltas no resto das disciplinas) suporán a perda do dereito á avaliación continua. Cando iso ocorra, o profesor da disciplina actuará segundo o protocolo establecido.

ALTERNATIVA	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	PONDERACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS
FERRAMENTAS			
Exame escrito	Sobre os temas tratados na clase (ver bibliografía de referencia)	100%	Todas as competencias recollidas neste documento.

EXTRAORDINARIA

FERRAMENTAS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	PONDERACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS
Exame escrito	Sobre os temas tratados na clase (ver bibliografía de referencia)	100%	Todas as competencias recollidas neste documento.

Portafolios: É unha carpeta ou arquivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno/a nun período de tempo, cos comentarios e cualificacións asignadas polo profesor, o que lle permite visualizar o progreso do alumno/a. O portafolios ou carpeta inclúe todo o que fai o alumno/a.

7. Bibliografía, materiais e documentos.

- Bevan, C. (1978). The Tuba Family. Londres: Faber and Faber.
- Bevan, C. (1996). A brief history of the tuba. En Winston Morris, R. y Goldstein, E. R. (Coord.): The Tuba Source Book, 1-10. Indianapolis: Indiana University Press Bloomington.
- Bevan, C. (1997). The low brass. En Herbert, T. y Wallace, J. (Edit.). Brass Instruments, 143-156. Cambridge: Cambridge University Press.
- Nelson, B. (2006): Also Sprach Arnold Jacobs. A developmental guide for brass wind musicians. Mindelheim (Alemania): Polymnia Press.
- Phillips, H. y Winkle, W. (1992). The Art of Tuba and Euphonium. New Jersey: Summy-Birchard Inc.

ERASMUS

Os/as alumnos/as oficiais que participen en programas de intercambio internacional, deberán aportar unha certificación dos créditos realizados e a cualificación obtida no centro de destino. En caso contrario deberán examinarse dos contidos establecidos para esta materia igual que os restantes alumnos/as oficiais. Si os contidos cursados no centro de destino non se corresponden cos desta programación, o departamento decidirá a forma de avaliar os contidos non realizados ou non superados.

Os/as alumnos/as estranxeiros, participantes en programas de intercambio internacional, serán avaliados igual que os alumnos/as oficiais. No caso de non realizar un curso ou semestre completo, recibirán unha avaliación informativa e unha acreditación das horas lectivas realizadas.

8. Alumnado con necesidades educativas especiais

DESCRICIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
No marco do establecido no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, deberán cumprir as disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade.	Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.

9. Observacións

O titulado/a superior en música, especialidade de interpretación, deberá ser un/unha profesional cualificado/a cun dominio completo das técnicas de interpretación do instrumento e o seu repertorio, e se é o caso, de instrumentos complementarios.

Deberá estar preparado/a para exercer un labor interpretativo de alto nivel de acordo coas características da súa modalidade e especialización, tanto no papel de solista coma formando parte dun conxunto, así como, se é o caso, na súa condición de intérprete acompañante de música e de danza. Deberá coñecer as características técnicas e acústicas do seu instrumento, afondando no seu desenvolvemento histórico.

Deberá ter formación para o exercicio da análise e do pensamento musical, e dispoñer dunha sólida formación metodolóxica e humanística que lle axude na tarefa de investigación afín ao exercicio da súa profesión.